

HERACLIO PEREZ PLACER.

O FILLO D'OS TRONOS.



BODAS DE MORTE.



SANTIAGO:

Imp. de JESÚS L. ALENDE, Toral 3.
1888.





O meu amigo Edrulfo Pardo.




1877



Handwritten text at the top of the page, possibly a title or author's name, which is mostly illegible due to fading and bleed-through.

Handwritten text in the upper middle section, also illegible.



Ó FILLO D'OS TRONOS.



PRIMERA PARTE.



2011-12-21





I.

Estend' o seu mant' a noite,
o seu manto d'estreliñas,
as froles n-o val recenden,
os paxaros ledos pian.

Non s' escoita mais qu' a vaga
y' arroubadora armunía,
que se desprende n'as noites
enchend' a yalma de dicha.

Armunías que se sinten,
n-esas noites caladiñas,
en qu' os queixumes d'as fontes,
se mezcra c'o as cavatinas
d'as froles, c'o seu caris,
refrexan n'as craras linfas,
y' o rumor d'os ameneiros
que renxen c'o á branda brisa.

Por unha congostra baixan
dous homes, c' unha carguixa,
en que seica tran oculta
algunha xoya querida,
pois c'o cuidado qu' a tran,
é c'o a ternura qu' a miran,
o valor d'o qu' ali portan



logo n'eles s'adiviña.

Páranse de vez en cando
pra descansar d'a fatiga,
y' ocúltanse n'o bascaxe
cal temendo qu'os seguiran,
mirando car'a cibdade
qu'alo lexos se divisa,
cal si causar'a sua xente
á misteriosa fuxida.

A noite segui' escuras,
seguían as armunías,
queixábanis' os piñeirales,
brilaban as estrelañas
y' alo n-a cibda lexana,
oubíanse loucas risas,
d' impudicas bacanales,
e de lúbricas orxias.

Chegaron á pray' os homes
c'o a sua amante carguixa,
pousárona con cuidado,
puxéronse de rodillas,
é rezáronll' o seu Dios
con devoción moy contrita,
por haber favorecido
a sua oculta fuxida.

Despois collendo d'a praya,
unh' as conchas nacarinas,
d'aquelas qu' habia a centos
entr' as areas y' as guixas,
pondoas n-o sayo dixeron,
bicándoas con fe sensilla,
— d'os fillos d'o Zebedeu
sende símbolo, conchiñas.—

Levantáronse con presa
é foron de car'a orilla
d'o mar, que tolo xugaba,
á buscar unha barquiña
que pra escaparse puxeran
entr' as rocas escondida.

Pro grande foi á sorpresa
o ver qu' a barca que tiñan,
non estab' alí agarrada



nin en ningures se via.

Erguend' as maus par' o ceo
e c' o a mirad' afrixida
corrian d' un lado pr' outro,
en busca d' a sua barquiña,
d' a barca que non topaban,
d' a barca que fai perdida.

X' a por riba d' os picutos
espallab' o novo dia
y' os dous homiños chorando
apreixaban à carguixa,
xurando qu' hastra que a morte
os deixar' ali sin vida,
han defender seu Maestro
d' aquela xente maldita,
que cada vez mais s' acerca
formando unha gritería,
o notar que lle levaron
a presa que na ciuda tiñan.

E choraban, e choraban,
choraban pol' a barquiña,
á barca qu' ali puxeran,
á barca que xa fuxira.



II.

Con maino mainiño paso,
d'o mar movéronse as olas,
cantaron os reisiñoles,
con enamoradas trovas,
o tempo qu' alo o lexos
despidindo mil rayolas,
de luces fosforescentes
viña barca corredora,
cal nunca outra se vira
tan bonitiñ' e xeitosa!


Traguía por brancas velas,
as alas de mariposas
xigantescas, ou os pétalos
tamen de xigante rosa,
brancas, brancas, com' a neve
brancas, branquiñas, cal pombas.

Viñan querubes fermosos,
sentados en proa é popa,
encheitos os seus sombreiros
con nacaradiñas conchas,
que descompuñan en côres
d'o roxo Sol, a luz roxa.

Era tan bonit' a barca,
tan bonitiña e xeitosa,
que nunca naide n-o mundo,
vira como ela outra.


Voando por entr' as xarcias
viñan cabeciñas roxas,
d' anxeliños trouleadores,
e de virxes pudorosas,
cuyos corpos s' escondian
n-as gasas d'a lind' Aurora.

Caia d'o ceo leda
chuvia de pedras preciosas,
despedianse armunias
d'as marmulladoras frondas,



palomiñas somellaban
as brancas rizadas olas,
que sobr'as alas traguían
á nave feitizadora
pr'a salvar aqueles homes
qu' a veira d' aquela xoya
d'o seu Mayestro Santiago,
choraban riba d'as conchas.

D' aquelas conchas amantes,
conchiñas agarimosas,
que collendo riba d' elas
aquelas santas presoas,
fóronlle surtir á barca,
a barquiña salvadora,
qu' inundab' o mund' enteiro
con deslumbrantes rayolas.



III.

Galicia, Galicia hermosa,
frol d'o ceo desprendida,
vas ter n'o teu lindo seo
á mais sagrada reliquia,
á máis estimada xoya,
á mais preciada xoiña,
qu' alento a ser d'os cristianos,
e terror d'a mourería.

Montañas, valles, alcores,
fontelas, rios, campiñas,
ventos, auras, bosques mares
qu' en feitizadoras rias
surcandes ó chan gallego;
verted' a vosa poesía
para d' o Apóstol Santiago
coller as sagradas cinsas
qu'an de traer seus discípulos
antes de qu' asom' o dia.

Ou suebas d' honrada frente,
ou xeitosas galleguiñas,
deixar por hoxe o traballo,
sainde de romaría,
c'o voso dengue de grana,
c'o a vosa muradaniña,
inde ver que tran us homes
qu'an de parar xunt' a Iria
vindo de lexanas terras
en nave milagrosiña.




IV.

Por fin asomou entr'as xuncas
a barquiña milagrosa,
surcand' a ria azulada,
á ria marmuradora,
qu' entr' arrayan y' espadana,
entre xasmís e mapolas,
deslízase medio oculta
refrexando tembrorosa,
as estrelañas d'o ceo
que somellan froles roxas.

Salve nave feitizada,
salve nave milagrosa,
berran centos de paxaros
ocultos n'as verdes lomas,
salve naveciña, salve,
que te ves pr'a terra nosa.

Salve dicen as fontelas,
os caraveles y' as rosas,
salve os rios y' os regatos,
salve os mociños y' as mozas
salve naveciña, salve,
que te ves pr'a terra nosa.




V.

Rapaciñas d'a montaña,
baixande, baixand' a Iria,
vinde mirar unha nave
feita por virtud divina,
d'a que dóus homes se baixan
levand' o lombo a caixiña,
que trai o corpo d'o Apóstol
Santiago de Galicia,
com' o mais tard' han chamarlle
os fillos d' esta terriña,
visitada pol' os reises,
e por total' as reiniñas,
d'omundo, qu' eiqui vendran
vestidas de pelengrinas,
pol' as coroas á porta
d'unha humildísima ermida,
que ll' erguerá ó Apóstol
unha reina de Galicia.

Tecende garridas mozas,
grinaldas de semprevivas,
pra lle por o pê d'o Santo
e pr' adornarll' a casiña,
mais... non as tezandes non,
e quedánde vos dormidas,
qu' inda non conven por hoxe
que seya xa conecida
d'o sant' Apóstol Santiago
á veneranda reliquia.


Deixande qu' a reina Lupa
lle frabique unha xouziña,
dentro d'unh' oculta selva
pr' a qu' este alí escondida,
hasta que volvan c'o tempo
outra vez á descubri-la,
pr' a que veñan reis e reinas
vestidas de pelengrinas,
a bicar os pes d'o Santo
que trouxeron hoxe á Iria.



SEGUNDA PARTE.



SEGUNDA PARTE





I.

Louca traguian á xente
unhas luces que brilaban,
n'unha selva moy espesa,
n'unha selva enmarañada.

Oubíanse n'ela voces
de cantigas mainas, mainas,
cal si fosen os marmurios
de rolas enamoradas,
ou de naiciña qu' adorme
o filliño d'a su yalma,
ou de virxen que sospira,
ou de reisiñol que canta,
de fontelas que se queixan,
ou d'ameneiros que falan,
rumores qu' ali s' oubian,
rumores que s' escoitaban.

Unha d'as luces mais grandes,
unha d'as que din mais craras,
n'un carballo d'os mais altos
sempre, sempre se pousaba,
deixand' atónet' a xente
que non sab' o qu' ali pasa,
hasta qu' un santo eremita
veullo contar á Iria Flavia,



ó Bispo qu' esta vivindo
n'a santiña colexiata.

Púxos' o Bispo en camiño
seguido de xente tanta
que si de lexos se mira
pensarase qu' era praga
de formigas, que correndo,
viñan pr'a selva intrincada.

E despois de que miraron
desd' unha torre moy alta,
as luces que trouleantes
entr' as frondas rebuldaban,
y' escoitaron melodías,
melodías mairas, mainas,
formaron resolución
d' entrar n'a selva iñorada,
donde se vian as luces,
dond' as voces resoaban




II.

Marchab' o Bispo cortando
hach' en man as altas xestas,
carpazos toxos y' espiños,
que s' enredan c' o as silveiras,
hasta que cansos chegaron
o pe d' unhas altas penas
xunt' as que mana entre froles
mansa e límpida fontela,
á cuyo pê se levanta
unha eremida modesta.

Andando pasiño a paso
entraron dentro d'eirexa
e toparon un sepulcro
con dous os lados de pedra.

E decía alí un letreiro
decía d' esta maneira;
— chamome Lupa é son dona
d' estes dominios e reina,
e concedolle terreos
pr' edificar unh' cirexa
en honor d' o sant' Apostol
que trouxeron d' outras terras
cand' o maldito d' Herodes
mandou cortarll' a cabeza,
dous discípulos amantes
que son os que estan a veira,
a veira d' o Santo Apóstol,
n' os dous sepulcros de pedra. —

Puxeronse de xinollos
c' o a cabeza descuberta,
fuxiron total' as loces,
marchou a birlante estrela,
rube, que rube, pr' o ceo
fuxe, que fuxe, d' a terra
en tanto que misteriosa



soaba dulcida orquesta.
y'os paxariños chirlaban,
ocultos n'as alboredas,
e bailaban as froliñas,
marmuraban as fontelas,
y'o vento corre que corre
corría c'o á polvoreda
contand' o qu' ali pasara
contand' o que socedera.


E veñen reinas e reises,
veñen de lonxe e de cerca
adourar aquil santiño,
y'a fabricar unha eirexa,
asombro d'a cristiandade,
tesouro de Compostela,
como ll'e chaman ó povo
dond' o Sant' aparecera,
mediant' aqueles ruidos,
mediant' aquelas estrelas,
que xa con presa marcharon
despois de cumprir sua angueira,
rube, que rube, pr' o ceo,
fuxe, que fuxe, d'a terra.



BODAS DE MORTE.

(O meu amigo Eulogio Astola).





I.

— Dime neno ¿porque tocan
porque tocan as campás?

— Ou señor, tocan a boda,
á boda tocand' están

— ¿E quen se casa meniño,
quen se casa n'o lugar?

— Cásase Xuana de Couto,
con Anton de Vilarnas.

— ¿Y el' e boa moza?

— Xo creo!

a mellor moza que hay,
pois de xentil é garrida
non se poide ir mais ala.
Ten dous luceiros por ollos,
ten os beizos de coral,
por cabelos ten á noite,
y' un reiseñor por falar.

— Cala, pequerrecho cala,
qu' entroume curiosida,
d' ila ver pol' os meus ollos
canda salga pr' a ir ó lar. —
Esto falou c' un pequeno
un dia pol' a mañan,
certo señor xunt, as casas
d'o pobo de Belesar.



II.

Era Xuana xeitosa cal un anxel,
bonitiña cal unha Virxen era,
y' era tan pura cal as brancas froles,
ou as limpidas augas d'a fontela.

Tiña os ollos cal as mouras, negros,
y'o seu caris mais branco qu' azuceas,
tiña por beizos carabeles roxos
y'os seus dentes d'a neve eran folepas.


Tod'o tiña xentil é bonitiño,
hast'as suas longas é rizadas trenzas,
que somellan cascadas d' abalorios
ou d'a noite as medrorentas neboas.

Horf' e mais probe per' honrada sempre
n'unha chouza criarase n' aldea,
e nunc' ouzara palabriñas outras
qu' o vento xogueton n'as alboradas.

Pro todo chega cando Dios ó manda
e n' un dia de troula conecera,
Anton de Vilarnas, xentil mociño,
con quen deston Xuaniña parrafea.

E moitas cousas se contaron eles,
ou moit' as cousas lle gustaron seica,
qu' antes d'o ano x'os casab' o crego,
pondo de gala a parroquial eirexa.

Por eso enton as campás repinicaban,
y' as mociñas y'os mozos todos berran;
—Vivan os noivios, viv'a Anton, e Xuana,
á moza mais bonita d' esta terra.



III.

N-o adro estaba d' a eirexa
tod' a xente caladiña,
y-esperand' alí s' estubo
hasta qu' acabou a misa
y-os dous noivos xa casados
sairon cheos de dicha,
como deixan conecelo
n'a pracenteira sonrisa,
conque seus beízos se pregan
cal rosa que' o vent' axita.

Berrou con xúbilo a axente
y' a gaita maina mainiña
deixab' ouzar con dozura
as mais gratas melodias
mezcrándose qu' os mil ecos
y-as mil voces confundidas
que soen brotar d'a terra
d'as augas e d'as umbrias.


C'o eses perdidos concertos
c'o esa música divina
de cantos de reisiñores,
de marmurar de fontañas,
subíos de negros mirlos,
chios de pomba ferida,
parolar d'os aineneiros,
adormentar d'a naiciña,
lexano ladrar d'os cas,
susurros d'a branda brisa
e mil ruídos confusos
que se mezcra e combinan.

Y-os dous noivos collidiños
iban de car' a casiña,



ela chea de rubor
el con moita fantesia:
il dándolle rábea ôs mozos
y-âs mozas ela cobiza.

Xuaniña mirand' Anton
y' Anton mirand' a Xuaniña,
¡cantas pormesas se fan!
cantas eles non farian
de purísimos amores
e de cándidas caricias.





IV

Xa iban preto d'a casa,
xa preto d'a casa iban,
cand' unhos homes con paus
armaron tal tremolina,
tanto medo e tant' espanto,
qu' en confus' algarabia
a xente fuxe que fuxe
meteuse donde podía
sin ver qu' Anton foi ferido
e que levan á Xuaniña
qu' en vagullas e salayos
á porbe se desfaguía.

Iba aquil hom' acabalo
aquil que n'a mañanciña
lle preguntar' ô rapaz
purque as campás repinican,
e lev' a Xuana n' os brazos
leva ben apreixadiña,
qu' a probe vai desmayada
con pouco alento de vida,
e dé aind' a coitada
tan xeitos' e tan bonita
que mais que muller parece
d'o cëo branca pombiña.

E por mais qu' Anton lle berra
lle volva á xoya querida
qu' é seu tesouro, sua y-alma,
a sua xoya, xoiña,
sin faguer caso d' Anton
nin d'a sua xurumia
saltando vales e montes
corre, mirand' a meniña
de car' a vila d' Ourense
de car' a fermosa vila,
que mais que povo somella
d'o Miño, xentil Ondina.



V.

+ Probe Anton, cando notou qu'a pomba
qu'o encanto era d'o seu puro amor,
cando notou qu'a morosiña rula
á sua veira non'a tiña non.


Áy! él correra, correra cal un tolo
tras o home qu'a Xuana lle levou,
mais o outro corria n'un cabalo
y' él, no cabalo que lle dera Dios.

Que noite ¡Virxen Santa! de martirio,
que noit' á da bod'il non pasou
no chan sentado, xumiand' o probe
c'a y' alm' esnaquizada de dolor.

— Xuana — decia — miña Xuana amante.....
e naide respondiall' a sua voz,
solo d'os cas ó latricar lexano
ou d'os bullantes regos o rumor.

— Ti dond' estás, --segua marmullando --
anhelo d'o meu tenro curazon
ti dond' estas que non te teno o lado
cando morrendo por tua causa estou. —

Y' erguéndose de pronto, dixo ronco
relumándoll' os ollos c-o furor:
— cara m' has de pagar conde madilto,
cara m' has de pagar tua traicion.



VI.

Faguía tempo qu' a Lua
manda seus rayos â terra
c' unha luz tan esmaida
que parece unh' azucea
caida d'os pes d'a Virxen
y' engarrada n' unha estrela.


Alo n'a vila d' Ourense
xa fai tempo que d'a queda
deron á sinal, é todas
as calles estan desertas;
soilo alo n'os torreós
vixian os centinelas
ou algun noivio qu' a noivia
tras d'as reixa parrafea.

N-unha d'as calles d' Ourense
n' unha calle moy estreita
esta situad' o palacio
d'o conde de Peña-negra.

N'o palacio todos dormen,
pois total' as portas pechas
fan pensar qu' os seus señores
dormindo n-a cama estean.

Pro xunt' a porta n'a calle
dend' unh' acer' outr' acera
xa fai noites qu' unha sombra
segun contaron paseya,
y hay vella que xur' e xura
qu' a de ser unh' alm' en pena
que veu dend' o outro mundo
á comprir algunh' angucira
ou c'o señor d'o palacio
axustar antigas deudas.

A noite de que falamos
tamen andab' ali ela



correndo d' un lado pr' outro,
d' un h' acera pr' otr' acera,
hasta que buscand' o quicio
ali d' unha porta vella
quedouse moy agachada
moy caladiña é moy queda.

Ali s' estibo horas y' horas
estibo ali con pacencia
¿Que farà n-a quela porta
que fará n-a port' aquela?
Por fin pol' a call' embaixo
vên outra sombra con presa
en longa capa embozada
cuasamente qu' hast' a testa,
e foise de car' a porta
d' o conde de Peña-negra.

Pro inda él non chegara,
cando deu tan grande queixa
que quen ouzara diria
qu' o curazon lle fenderan.

— Que me matan socorreime....

— ¿Donde vai á miña prenda?

— De quen me falas.....

— De Xuana —

— Eu non sei que Xuana é esa...

— Ti m'a roubaches.....

— Mentíra.....

— Ti non m'a das pero vén goa —

Y'alzando forte o coitelo
cortoulle rente a cabeza
ô mesmo tempo que dixo
—deshonrador de doncellas
morre que tamen eu morro
de salayos e de penas —

E sin saber que faguia
sentouse rib' unha pedra
hasta que pasou a ronda
y'o ver o qu'ali oubera
e velo n'o mesmo sitio,
levouno preso á cadea
sin xiquera dar un chio
n'in d'ar xiquera unha queixa



.....
Despois quedouse en silencio
a calle trist' e deserta,
s'ilo a lua desd' o ceo
manda seus rayos a terra
c' unha luz tan esmaida
que parece unh' azucea
caida d'os pes d'a Virxen
y' engarrada n' unh' estrela...

